

LECTORES ADULTOS



Anglada, MA.: O violín de Auschwitz

Ed. Xerais


O violín de Auschwitz narra a historia de Daniel, un xove violero xudeu internado no campo de exterminio de Auschwitz, a porta do inferno. O comandante do campo, Saukel afeccionado á música clásica, descobre o auténtico oficio de Daniel e decide poñelo a proba: faralle construír un violín, coas medidas dos Stradivarius, que ten que ser perfecto. Daniel, sen sabelo

primeiro, é obxecto dunha aposta entre o comandante e o sádico médico da SS Rascher.

Pérez Reverte, A.: Un día de cólera

Ed.: Alfaguara

Este relato non é ficción nin libro de Historia. Tampouco ten un protagonista concreto, pois foron innumerables os homes e mulleres envolvidos nos sucesos do 2 de maio de 1808 en Madrid. Heroes e covardes, vítimas e verdugos, a Historia retivo os nomes de boa parte deles: as relacións de mortos e feridos, os informes militares, as memorias escritas por actores principais ou secundarios da traxedia, achegan datos rigorosos para o historiador e pon límites á imaxinación do novelista.



Grandes, A.: El corazón helado.

Ed. Tusquets

Durante o enterro do seu pai, poderoso home de negocios, Álvaro Carrión divisa de lonxe a unha estraña muller á que nunca viu. Esa muller non é outra que Raquel Fernández, neta dun exiliado a Francia tras o triunfo fascista en España de 1939. Ambos os personaxes, que senten atraídos case desde o primeiro momento, terán que

loitar contra un pasado que comparten, contra unha época da nosa historia que, aínda hoxe, influirá nas súas vidas de xeito decisivo.



IES Fernando Esquío

Empedrán nº 16
Neda 15572
A Coruña
Tif 981391080
FAX 981391280

Visitanos no noso blog:

www.blogfesquio.blogspot.com



BOLETÍN DA BIBLIOTECA

Nº 9

CURSO 2007/8 **ESPECIAL NADAL**



A AVENTURA DE LER ... NO NADAL

Neste tempo de lecer vos desexamos unhas felices festas e un feliz tempo de lectura polo cal vos facemos a nosa recomendación...por idades, porque hai libros para todos

DE 12 A 14 ANOS



Fabretti, Carlo: El Palacio de las cien puertas. Ed. SM

Ao abrir este libro entraches noutro nivel de realidade. O teu corpo segue comodamente instalado no Mundo Tanxible, pero unha parte da túa mente xa está aquí, e se segues lendo penetrarásche nun mundo cheo de sorpresas e aventuras, pero tamén de perigos.

Lewis, C.S : El príncipe Caspian. Ed. Destino

O regreso a Narnia cóntanos a historia da segunda viaxe a Narnia dos irmáns Pevensie, onde eles descubren que un malvado rei de Telmar tomou control de Narnia. A súa lei estranxeira tratou de lograr a aniquilación de todas as criaturas máxicas de Narnia, pero aínda quedan moitas escondidas.

Pero comeza polo primeiro libro, xa os temos todos



Gripe, M.: Los escarabajos vuelan al atardecer Ed. SM

Tres rapaces coidan as prantas dunha quinta deshabitada e deciden explorala. Cada exploración termina nun enigma, e ademais descubren un paquete de cartas do século XVIII....

Wiesner, H: ¿Tienen los animales que lavarse los dientes? Ed. Edaf

Cantas espiñas ten o ourizo? Son os porcos tan guarros? Van os corvos a por o ouro? É o lobo tan feroz? Ás luciérnagas fúndenselles os chumbos? Son aburridos os ratos grises? Aos animais dálles medo a escuridade? Todas estas, entre outras moitas, son unhas preguntas moi difíciles ou, polo menos, si bastante comprometidas. Para atopar as respostas, o mellor é preguntar ao director dun zoológico, ou ler este libro.



Gallego, Laura: La emperatriz de los etéreos. Ed Alfaguara

Contan que, máis aló dos Montes de Xeo, máis aló da Cidade de Cristal, habita a Emperatriz nun cegador palacio.... Así comeza "A Emperatriz dos Etéreos", a historia dunha viaxe e unha procura desesperada, que levará ao seu protagonista moito máis lonxe do que xamais soñara.

Da mesma autora temos a triloxía de Memorias de Idhún, e as Crónicas da Torre completas.

Sierra i Fabra, J: Durmido sobre os espellos. Ed. Xerais

Diego ten 19 anos. Un día descobre que o seu avó, a quen cría morto, vive en Cuba. Na procura deses retrincos familiares agochados, Diego viaxa á illa caribela. Alí atopa un vello, unha historia e mais a Tania, o seu primeiro amor.



Farías, J.: Os nenos numerados. Ed. Xerais

Os nenos numerados recolle a conmovedora historia dun fato de rapaces internados nos anos sesenta no reformatorio coruñés de Palavea. Pés Planos, logo chamado o Iluminado, –protagonista que é da novela– rouba unhas botas na zapatería de don Manuel e encérrano no reformatorio, un

edificio rodeado por un muro de cristais cravados no cemento que brillan co sol da tarde.

Vincenzo, A: El libro bajado del cielo: Zayd, el joven que escribió la primera copia del Corán . Ed.:Siruela

A historia do Corán, e do nacemento do Islam nunha novela para combater a desconfianza e o medo. Zayd, personaxe histórico real, ten 8 anos e vive no gran oasis de Yathrib. Cando comeza este relato non imaxina que pronto será testemuña e protagonista de acontecementos que marcarán unha nova era...



DE 14 A 16 ANOS



Meyer, S, : Crepúsculo. Ed. Alfaguara
Interésante os vampiros? Nunca me detivera a pensar en como ía morrer, aínda que me sobran os motivos nos últimos meses, pero non imaxinara algo parecido a esta situación incluso de habelo intentado. Coa respiración contida, contemplei fixamente os ollos oscuros do cazador alén da gran habitación. Este devolveume a mirada compracido. Seguramente, morrer en lugar doutra persoa, alguén a quiense ama, era unha boa forma de acabar...

E podes seguir con Luna Nueva e Eclipse

Ibañez, J.: Los gorilas no bromean con la corbata Ed. Algaida

Viriato Ansorena Ruiz é un mozo normal que leva unha vida algo peculiar. Gústalle escoitar música e ler. Pola mañá vaise ao instituto, sitiando especial curiosidade pola filosofía e por unha das súas compañeiras de clase, Laura. Pero polas noites, cólgase o seu cámara de fotos e sae a husmear pola cidade en compañía do seu pai, buscando unha exclusiva que lle dea un xiro ás súas vidas. Ss sente moi a gusto con esta dobre vida ata que un día descobre algo que ninguén debería saber.



Molina, JP: El secreto de los buscadores de perlas. Ed. Siruela



O segredo dos buscadores de perlas é unha novela de aventuras, amor e misterio baseada nun feito histórico: como os españois esclavizaron aos indios da illa de Cubagua para que estes sacasen do fondo do mar as ostras perlíferas, moi comúns naquelas costas. Narra a historia de Juan Bautista Beniel, un oficial español a quen o Rei Felipe II enviou a Venezuela para que ao seu regreso informáselle de se era verdade que o seu exército era cruel; se os indios tiñan alma...